

## De Castelao a Portugal

*Editorial Tempo Exterior, nº 11 primeira época*

C incuenta cabodano de Castelao; presidencia semestral portuguesa da Unión Europea; intensificación da cooperación e integración transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal. Fernando Pérez-Barreiro Nolla, de visita aquí para participar na Primeira Conferencia Anual Plácido Castro, impulsada polo IGADI, reflexionaba nunha entrevista recollida en Tempos Novos, sobre a posibilidade de que “un galego poida chegar a ser cidadán dun Estado federal español, por exemplo, con determinadas relacións ou dereitos en Portugal”. A reflexión viña a conto do complexo entramado político e legal que se anticipa nas Illas Británicas para superar a importancia do factor territorial e desactivar unha das causas principais do eterno conflito anglo-irlandés.

Pero a habilitación de fórmulas ricas e imaxinativas de interrelación entre comunidades que comparten tantos elementos en común (historia, cultura, idioma, etcétera) non ten por qué xurdir necesariamente dunha hipótese de conflito, senón como froito dun escenario de cooperación bilateral e multisectorial. É o noso caso. Os achegamentos dos últimos anos foron moitos, en especial no económico-empresarial e comercial, tamén no político e institucional, algo menos do desexable no cultural, universitario ou informativo. Sería bo comezar a pensar nunha dimensión cidadá dese intercambio, susceptible de quebrar os últimos restos desa fronteira que aínda marca a división entre os dous pobos, sobre a base da definición de dereitos reciprocamente recoñecidos.

No mapa político galego ninguén desaproba a estratexia global de aproximación ó país veciño. Antonio Martíns da Cruz, embaixador de Portugal en Madrid, declaraba recentemente ó xornal La Voz de Galicia que “membros do PSOE e do BNG confesáronme en privado que, se ben como oposición rexeitan o labor do goberno do presidente Fraga, están de acordo con el en volcarse máis con Portugal”.

O actual proceso europeo, caracterizado neste aspecto pola aceleración das converxencias, actualiza no noso caso aquel pioneiro discurso dos galeguistas que procuraron sempre xerar ese microclima bilateral especial entre Santiago e Lisboa, nun tempo en que as relacións entre os dous estados ibéricos atravesaban momentos especialmente delicados. “O noso porvir de galegos está intimamente ligado a Portugal”, dicía Bartolomé Calderón. E Castelao, no “Sempre en Galiza”, lembra aquela Asemblea de Lugo (1918) na que Antón Villar Ponte deu lectura a unha proposición dirixida á Academia das Ciencias de Portugal na que se enfatizaba a irmandade de galegos e

portugueses e concretábanse vieiros lingüísticos, educativos, económicos, xurídicos e políticos para reforzar a cooperación mutua.

Nesa Asemblea Nacionalista insinúase unha apelación a Portugal para que defendese o dereito á liberdade de Galicia diante da Liga das Nacións no suposto de que non se enxergase unha actitude receptiva por parte das Cortes españolas ás demandas autonomistas. Esta proposta foi ratificada na Asemblea seguinte, celebrada en Vigo, e na que se acordou enviar a Portugal unha comisión de nacionalistas “como embaixadores dos nosos ideais”. A primeira “embaixada” galega debe estar en Portugal.

Quizais existan algúns desfases puntuais (a idea da federación ibérica, por exemplo), pero o tronco esencial da importancia da institucionalización das relacións con Portugal atopámolo aínda nese pensamento galeguista. As Irmandades da Fala primeiro, e o Partido Galeguista despois, realizaron un esforzo moi significativo neste senso, afincando solidamente a aproximación a Portugal como un dos piares esenciais da acción exterior de Galicia.

## Irlanda e as novas formas da vida internacional: As institucións do proceso de paz

*Fernando Pérez-Barreiro Nolla*

**P**ara falar das novas institucións temos que partir, verdadeiramente, do Tratado Anglo-Irlandés de 1985, aínda que os precedentes estaban xa nos Acordos de Sunningdale de 1973. A Asemblea e o Executivo que se crearon en Sunningdale non duraron máis que poucos meses e foron torpedeados en maio de 1974 pola folga do Consello Obreiro do Ulster. Faltaba nesas institucións de poder compartido o Sinn Fein (o elemento nacionalista que entraba nelas era o SDLP). Para que o Sinn Fein fose incorporado era precisa polo menos unha tregua e, a poder ser, unha paz. Iso foi o que fixo o chamado proceso de paz, que comeza timidamente coa declaración de Downing Street o 15 de decembro de 1993 e a declaración de tregua do IRA en agosto do ano seguinte. Segue unha serie de xestos e medidas conciliatorias e, en decembro de 1994, celébrase o primeiro encontro entre funcionarios británicos e dirixentes do Sinn Fein. En 1995 publícase o documento-marco conxunto de John Major e o novo Taoiseach, John Bruton. Ese mesmo ano aparece presidindo o organismo Internacional de Retirada de Armas un amigo de confianza do presidente Clinton, o senador George Mitchell, que había de ter un papel tan importante no proceso. Con interrupcións, crises, levantamento da tregua, a explosión da bomba de Canary Wharf e todo o demais, o proceso estaba en marcha. Culminou no Acordo do Venres Santo e no novo Tratado Británico-Irlandés.

Temos, pois, un deseño de institucións, debido seguramente, como hoxe se vai vendo cada vez máis, ás ideas de John Hume e aos intereses dos Estados Unidos e da Unión Europea. E, en paralelo, un proceso de paz no que se procura “traer ao rego” ao Sinn Fein. E tamén ás forzas paramilitares lealistas. As institucións están establecidas. En cambio, o proceso de paz non está rematado, ao meu ver, nin o estará mentres non se complete a retirada das armas dos paramilitares.

(...)

As novas institucións, consagradas no Acordo do Venres Santo e no novo Tratado, que xa non é “Anglo-Irlandés” coma o de 1985, senón “Británico-Irlandés”, son, en primeiro lugar a Asemblea e o Executivo de Irlanda do Norte –cuestión constitucional e interna, comparable en principio a das outras autonomías–, e despois as “internacionais”: Consello Ministerial Norte-Sur; Consello Británico-Irlandés e a Conferencia Intergubernamental Británico-Irlandesa; mais os chamados organismos de aplicación.

As ideas que as inspiran son as de John Hume, tan próximo sempre ao modo de pensar de Bruxelas. Quen estea un pouco familiarizado coa linguaxe comunitaria atopará de seguida expresións e razoamentos de estilo co-

munitario. Hai dúas expresións que se utilizan para estes textos do SDLP e que pode que non sexan moi felices, pero que serven para caracterizar o novo enfoque das estruturas: son “consociacionalismo”, na esfera interior, e “intergubernamentalismo” na exterior.

Vou falar da “consociación” primeiro, ou sexa, da solución constitucional que se lle deu ao poder autonómico de Irlanda do Norte. “Consociación” vén sendo outra maneira de lle chamar á doutrina de compartir o poder, o “power sharing” de que tanto se fala. Xustifícase, segundo os seus partidarios, no caso de comunidades divididas suxeitas a unha autoridade común. Cando conviven nun país grupos enfrontados ata o punto de non coincidiren en case nada e teren valores e proxectos de futuro tan diferentes que acaban por provocar enfrontamentos armados nos que se di que cada grupo loita pola supervivencia, estamos nunha situación que no título dun libro sobre as orixes dos disturbios dos trinta anos últimos no Ulster se chamou: “governar sen consentimento”. Esa era a situación en Irlanda do Norte baixo o Goberno autónomo do Stormont. Unha gran parte da poboación, –arredor do 40 por cento– sentíase oprimida, allea ao sistema, discriminada e desprotexida. Non hai que esquecer que estes últimos trinta anos de disturbios comezaron coa axitación a favor dos dereitos civís, e que o IRA só entrou en acción algo máis adiante e despois dunha crise interna. E nembargantes, o sistema era democrático, en termos electorais, igual ao do Reino Unido. Pero o sistema de maioría simple en cada distrito para elixir deputado, co resto dos votos perdidos, que aínda é o preferido en Inglaterra, daba lugar en Irlanda ao perpetuo dominio dos Unionistas. O sistema electoral para a nova Asemblea é o proporcional, na variante do chamado “voto único transferible”, que asegura unha representación máis xusta das minorías. Pero a “consociación” vai máis lonxe diso, xa que garante a presenza das minorías no Executivo e na toma de decisións, cun sistema de maiorías ponderadas e distribuídas (distribuída quere dicir a maioría de unionistas e maioría de nacionalistas, por separado; e ponderada, o 60 % dos votos de cada partido). Ese sistema aplícase á designación do Primeiro e Vice Primeiro Ministro e a unha serie de decisións que se indican concretamente. Ademais, poden ser necesarias esas maiorías distribuídas para calquera outro asunto que sinalen 30 dos 180 deputados da asemblea. Para a elección dos dez ministros séguese o sistema d’Hondt sobre a base dos escanos de cada partido na Asemblea.

Pero non é só isto. Hai outro aspecto que eu quero salientar porque ten máis que ver coas perspectivas de futuro destes arranxos, co carácter de experimento de novas formas constitucionais e internacionais. É o seguinte: Todos parecen estar de acordo en que os gobernos de coalición que resultan do sistema proporcional son menos “fortes” que os que resultan dun bipartidismo que lle dea fortes maiorías parlamentarias ao goberno. E pódese pensar que unha situación de sociedade tan dividida e con comunidades tan enfrontadas coma a da Irlanda

do Norte precisa un goberno forte. Vai ser moi interesante ver como se contrape-san a lexitimidade que dá ter representación de todas as comunidades no executivo e a necesidade de tomar decisións para o conxunto. Moitas das medidas que fan falta non teñen moito que ver, seguramente, coas divisións sociais, pero vai ser inevitable que se negocien neses termos. ¿Cal vai ser a unidade dun Gabinete no que senta como ministro de Educación Martin McGuinness, vello comandante do IRA, ou sexa “terrorista” arrependido para os seus colegas ministeriais, entre os que hai dous lugartenentes do reverendo Ian Paisley como ministros de Desenvolvemento Rexional e Social?

Nunha perspectiva máis ampla, pódese pensar que a forza do Estado perdeu importancia non só nos estados nacionais senón tamén nestes novos e autonómicos. Que os problemas poden ser resolvidos pola sociedade civil ou por entidades non gobernamentais. Entón, é máis importante a presenza case simbólica e lexitimadora das comunidades enfrontadas nun goberno que cobre como unha cúpula entidades decisorias a outros niveis. Esta forma de pensar, que imos encontrar noutros particulares do meu tema desta noite, paréceme que encerra riscos considerables. É moi sospeitoso o entusiasmo por desfacerse do Estado, e cómpre escrutar con moita atención e coidado quen son os entusiastas e por que están tan entusiasmados. Algúns estarano por optimismo e porque a crítica do Estado foi tema clásico de moitas variedades do progresismo. Pero iso non bastaría, nin bastou nunca. O poder non vai desaparecer nin diminuír coa diminución do Estado. Hai que ver, pois, ónde están os novos centros de poder, seguramente máis opacos nesta nova Europa e novo mundo que se está configurando. Levou moitos séculos democratizar ata certo punto o Estado, e vai haber que loitar bastante para democratizar os novos poderes. Iso na esfera interna e constitucional de como vai ser o goberno de Belfast.

A outra grande idea de Hume e os seus inspiradores europeos é a da “intergubernamentalidade” da solución. Iso é o que máis distingue esta autonomía das outras. En Escocia e no País de Gales a autonomía foi concedida por Lei do Parlamento da Gran Bretaña. Foi un asunto interno, de organización do Estado. No caso de Irlanda do Norte xa houbera unha autonomía así, máis vella ca ningunha, desde 1920 ata 1972. Xa vimos por que deixou de funcionar. A que chegou agora é resultado de arranxos e tratados entre dous Estados independentes: o Reino Unido e a República de Irlanda. De certo xeito eles garanten as novas institucións.

Nos tratados recoñécense varios puntos importantísimos, que eliminan os principais atrancos “históricos” do problema. A República de Irlanda abandona a reivindicación do Ulster como parte irredenta do territorio nacional, para o que houbo que emendar a Constitución de 1937. O Reino Unido recoñece o dereito á autodeterminación do pobo de Irlanda do Norte, no senso de que cando a maioría decida deixar de ser parte do Reino Unido non se oporá a adoptar a lexislación. Recoñecen tamén os dous Estados que, polo de

agora, a maioría do pobo de Irlanda do Norte quere seguir sendo parte de Reino Unido, e que, por conseguinte, seguirá séndoo, e esa situación só pode mudar por medios electorais e pacíficos.

Sobre esas bases, créanse as institucións intergubernamentais.

O Consello Ministerial Norte-Sur estudia e adopta medidas, en asuntos de interese común. O importante é que esas medidas pódense aplicar separadamente por unha e outra xurisdicción, ou en toda a illa de Irlanda polos organismos de aplicación que se creen. Isto último é verdadeiramente novo, en termos internacionais: unha soberanía conxunta aplicada por organismos competentes no territorio de dous estados diferentes. Pode ir acompañado no futuro de un Foro Interparlamentario e un Foro Cívico.

O Consello Británico-Irlandés é o que antes se ía chamar “Consello das Illas”. Vén sendo unha xuntanza das autonomías para harmonizar todas as relacións entre elas. Están representados nel os gobernos do Reino Unido e de Irlanda do Norte, as autoridades autónomas de Escocia, País de Gales e Irlanda do Norte, e, aínda que non son autónomas, a Illa de Man e as Illas Anglo-Normandas. É, sobre todo, un organismo deliberante, que funcionará por consenso e as súas decisións non obrigarán nada máis que ao estado ou autonomía que as acepte. Pénsase que fomentará tamén acordos bilaterais ou multilaterais entre os membros.

A Conferencia Intergubernamental Británico-Irlandesa, outro organismo deliberante e de cooperación, en principio. Reúnese a nivel de xefes de goberno ou de ministros e asesores. Tal vez o aspecto máis importante sexa o de que pode servir –e isto recoñécese expresamente– para que o Goberno da República de Irlanda presente opinións e propostas en asuntos que lle afectan a Irlanda do Norte pero que non foron transferidos ao goberno autónomo, é dicir, que seguen sendo da competencia do secretario de Estado para Irlanda do Norte no goberno británico. É máis un sinal do interese especial que se lle recoñece ao Goberno de Dublín nos asuntos do norte.

Os organismos de aplicación iranse creando para as esferas de cooperación que vaia decidindo o Consello Ministerial Norte-Sur. Está claro que teñen un papel integrador e preparador, sen dúbida, da futura unidade da illa. A dimensión europea vai ser moi importante aquí xa que boa parte dos 400 millóns de libras de fondos europeos vai ir a proxectos dese xénero. Houbo grande resistencia en Bruxelas a levar eses fondos polas canles dos gobernos, e preferiuse que vaian a nivel máis básico. Os organismos de aplicación van ter aí un papel importante, seguramente.

---

*Extracto do relatorio presentado por **Fernando Pérez-Barreiro Nolla** na 1ª Conferencia Anual Plácido Castro, celebrada en Vilagarcía de Arousa o 25 de xaneiro de 2000.*

## Iberoamérica rebenta os moldes do século XX

*Laudelino Pellitero*

O quebradizo camiñar de Iberoamérica polo século XX está caracterizado por constantes que marcan o seu devalar. O populismo, os procesos revolucionarios, a dependencia económica, os desequilibrios económico-sociais, os golpes militares que se suceden sen solución de continuidade... forman parte da paisaxe histórica deste século.

A crispada memoria de América Latina recolle picos que inciden no afondamento dos permanentes desequilibrios. Acontecementos coma a crise do 29 ou a Segunda Guerra Mundial prolongan durante décadas a súa severa pegada nun continente no que a inmensa maioría da poboación está instalada na pobreza.

Durante o curto período posterior á Segunda Guerra Mundial viviuse un espellismo fugaz. A alza dos prezos agrícolas e dos minerais permitiu a acumulación de capitais nacionais para investir internamente e mellorar as condicións de vida. Pronto se acentuaron certas dificultades que van ser crónicas: A agricultura prosegue a súa marxinalización, os excedentes de renda agrícola invístense na industria, un ritmo do crecemento vexetativo da poboación moi superior ao europeo, desertización do rural e aglomeracións periurbanas en condicións de relegación social, enormes contrastes na estrutura da propiedade do campo entre grandes latifundistas e labregos.

Será no sector periurbano (ao redor do 20% da poboación das cidades vive na máis absoluta precariedade, en auténticas chabolas) onde van prender con forza os intentos de reformar a sociedade iberoamericana, ás veces, dende posicións abertamente diverxentes, revolucionarias ou esquerdistas contra postulados populistas ou fascistas.

Estréitanse as relacións entre as oligarquías nacionais e os intereses económicos financeiros estadounidenses. Mais, en aparente contradicción, comezan a ser visíbeis as disfuncións entre os intereses dalgúns sectores económicos internos e os externos, nomeadamente os norteamericanos. Este será un dos xermes do nacionalismo antiamericano, no que se apoiarán diversas tendencias do pensamento político.

De todas esas realidades, que a partir de 1950 adquiren o cariz de conflito aberto, van xurdir novos intentos de reformulación política para romper coa sombría realidade.

Uns optan por encumiar a un líder carismático, que se dirixe e apoia no pobo para erixirse no seu caudillo dende posicións populistas. Impulsados polo triunfo revolucionario cubano, outros pretenden a transformación total

da sociedade dende posicións de ruptura e alternativas aos modelos vixentes. Nunha terceira vía sitúanse aqueles que van pretender reformas substanciais, pero sempre dentro das regras legais existentes, chegando ao poder por métodos democráticos e axustándose á legalidade.

A crise dos 70, que golpeou aos países industrializados por mor do encarecemento dos combustíbeis, abre unha etapa de recuperación e estabilidade. A suba dos prezos beneficiou aos países produtores coma Venezuela, Ecuador, México... Nesta época, sen embargo, o continente comeza a enfermar por mor da débeda externa. É de tal magnitude, que por esta ferida emorráxica desángrase calquera posibilidade de recuperación, ata provocar un auténtico colapso cando se incrementan os tipos de interese.

En situación de emerxencia xeral e acendidas as alarmas revolucionarias de Cuba e do “foquismo”, prendeu con forza a última das constantes no molde secular iberoamericano. Trátase do militarismo no que, por diversas causas e motivacións, vai chegar ao poder o exército (Uruguai, Arxentina, Bolivia, Brasil, Paraguai, Guatemala, Chile, Perú, Ecuador...). Existirán experiencias nas que os militares colaborarán coa Sociedade Civil para restaurar a democracia, pero o habitual vai ser un militarismo dictatorial que, co pretexto de manter a “Seguridade Nacional”, declara a guerra total e permanente ao comunismo. A bipolaridade do mundo en Capitalismo-Comunismo require, baixo este prisma doutrinal, un estado de excepción no que todo está permitido. Na década dos 80, cando os republicanos acceden ao poder nos EUA, as ditaduras atoparán a comprensión, apoio, asistencia e financiamento. Maniféstanse partidarios confesos do intervencionismo ante o aumento e/ou éxitos das guerrillas.

As atrocidades cometidas polos militares e o fracaso nas solucións económicas adoptadas, seguindo os parámetros neoliberais de Milton Friedman, propiciaron unha crecente hostilidade social e permitiron a transferencia do poder en transicións imperfectas, controladas e pactadas con forzas do centro ou dereita, que non puxesen en cuestión o modelo económico.

A caída do muro de Berlín no 89 acabou coas grandes contribucións ideolóxicas do século XX que condicionaron a orde existente e o equilibrio xeopolítico. Á década dos noventa correspondéralle dixerir a desaparición do modelo económico soviético. Emerxe, entón, outra estrutura que reformula as relacións políticas en América Latina.

A sociedade Iberoamericana que se abre cara ao novo milenio caracterízase por:

- Desaparición progresiva e reinserción das guerrillas ou contraguerrillas. Agás no caso de Colombia, son marxinais. Mediante roldas de negociación cos grupos armados, páctanse importantísimas reformas constitucionais que recollen en boa parte as demandas políticas dos guerrilleiros (Guatemala, O Salvador...). O eclipse dos movementos de liberación nacional deixa

episodios de argumentacións aos militaristas que se amparaban na doutrina da Seguridade Nacional para manter as dictaduras.

- Fraxilidade cristalina das democracias que, sen embargo, conseguen ser máis duradeiras. Os dereitos humanos continúan a ser vulnerados. Altéranse arbitrariamente as regras de xogo para favorecer ao oficialismo no poder. Prolongacións anómalas do mandato presidencial (Perú), postergamento das eleccións (Paraguai), suspensión do Estado de Dereito (Ecuador), períodos de emerxencia nacional (Venezuela), senadores vitalicios (Chile).

- Constantes modificacións constitucionais. As grandes mutacións sociais acontecidas durante a década dos 90 ocasionan unha permanente alteración dos textos constitucionais. Guatemala, O Salvador... por acordos de paz e para incorporar as achegas das mesas negociadoras. Venezuela, co seu flamante período constituínte que en Nicaragua aínda está en fase xerminal. Chile pretende rematar co lastre constitucional da dictadura. Outros países están en procesos de descentralización ou de recoñecemento dos dereitos indíxenas que tamén requiren modificacións constitucionais.

- A estética militar expándense, ante os fracasos económico-sociais e a corrupción dos gobernos. Mediante procedementos electorais, chegan ao poder militares, persoas implicadas en golpes de estado, nas dictaduras ou partidarias do autoritarismo: Perú, Venezuela, Bolivia, Guatemala...

- Perfeccionamento da organización, coordinación e reivindicación dos grandes movementos indíxenas, que ata agora se mantiñan distantes e ausentes das estruturas dos Estados. Conséguese progresivos recoñecementos constitucionais dos seus dereitos colectivos e asúmense os estados pluriculturais: Chile, Venezuela, Guatemala, Ecuador, Brasil...

- Ruptura progresiva do tradicional bipartidismo liberal-conservador. Irrupción de novas alianzas de movementos progresistas, que acadan importantes parcelas de poder nos gobernos municipais, provinciais ou estatais e convértense no polo alternativo do xogo democrático: PRD (México), EP-FA (Uruguai), Alianza (Arxentina), MVR (Venezuela), Concertación (Chile). Alianza PT-PDT (Brasil).

- Integracións económicas rexionais (Mercosur, Pacto Andino, Centroamérica, TLC, ALADI...) que camiñan cara a un espazo económico único continental. Non existen, nestas áreas de libre comercio, cartas de dereitos sociais, laborais, ambientais... Tampouco se contemplan os planos de cohesión territorial e de redistribución da riqueza. Paralelamente existe un progresivo investimento exterior nos sectores estratéxicos.

- Mantemento e agrandamento dos desequilibrios sociais. Empobrecemento das clases medias que perden a confianza na capacidade e eficacia na xestión das democracias. Nesta realidade, a violencia común retoma a negra tea da violencia política. A seguridade convértese nun dos centros de polarización nas campañas electorais, acentuando e prestixiando o papel das

forzas de seguridade. Fan fortuna doutrinas coma a “Tolerancia cero” ou a “Segunda oportunidade”, nas que se opta pola dureza fronte á delincuencia.

- Desencanto e afastamento da mocidade dos movementos sociais e políticos.

- A corrupción é un axente xerador de pobreza e desigualdade. Adquírese conciencia social e política da súa determinante importancia na quebra do sistema de valores.

- Globalización progresista. Asumen un liderado emerxente no continente. Recóllense persoas que outrora participaron en movementos guerrilleiros, introdúcense nos movementos sociais ou populistas, ábranse cara ao centro. O novo progreso aparece desligado de algúns dos dogmas vixentes durante a guerra fría. É menos intervencionista na economía, non pretende o control dos medios de produción, busca sociedades estables e seguras xuridicamente, non discute a propiedade privada, móstrase máis descentralizadora, non cuestiona a democracia a pesar de competir en condicións desvantaxosas, con poucos medios de comunicación afíns e sen o apoio financeiro do empresariado. Subliñan o papel do estado como factor de cohesión social e propugnan a mellora da sanidade, ensino, asistencia social, pensións, etc.

- Coordinación e sincronía de obxectivos nos movementos alternativos que se estruturan en redes iberoamericanas: ONGs, indíxenas, equidade de xénero, socio-políticos (Foro de Sao Paulo)...

Nada está o suficientemente consolidado como para asegurar a estabilidade. Máis ben todo indica que os intensos sobresaltos continuarán. A efémera revolución do Ecuador, a primeira do 2000, demostra que subsisten os suficientes elementos desestructurantes como para aventurar que quedan aínda pendentes novas páxinas para escribir as previsibles convulsións.

---

*Laudelino Pellitero é membro do IGADI.*

## Acordo de libre comercio CE-México

*Marcos Martín Pérez*

O 24 de novembro de 1999 os representantes de México e da Comunidade Europea (CE) concluíron as negociacións para a liberalización recíproca do comercio. En pouco máis dun ano –as negociacións comezaran o 9 de novembro do 98– logrouse un acordo de desarme arancelario que constitúe o primeiro desta natureza subscrito pola Comunidade cun país de América Latina.

A liberalización do comercio de bens e servicios estaba recollida no Acordo de Asociación Económica, Concertación Política e Cooperación asinado en Bruxelas o 8 de decembro de 1997. Á espera da súa ratificación, adoptouse un Acordo Interino que entrou en vigor o 1 de xullo de 1998 e permitiu encetar as negociacións (DOCE L 226 de 13/08/1998). A través destes acordos, a CE e México comprometéronse a adoptar a vía dun diálogo político reforzado sobre a base de principios e valores comúns, na perspectiva dunha liberalización dos seus intercambios comerciais a través do establecemento dunha zona de libre comercio, así como o establecemento de instrumentos de cooperación que contribuísen a reforzar a presenza recíproca nos mercados respectivos.

A razón máis evidente para a sinatura do Acordo de Libre Comercio (ALC) estriba no negativo comportamento do comercio nos últimos anos. Se en 1990 as importacións mexicanas procedentes da CE representaban o 17% do total, en 1997 caeron ata o 9%. Igualmente, en 1997 a CE adquiriu un 3,6% das exportacións mexicanas fronte ó 13,3% de 1990. Esta dinámica apréciase tamén, aínda que de forma menos acusada, no investimento estranxeiro directo, se ben en 1997 experimentou unha sorprendente recuperación acadando os 1.113 millóns de euros.

Este comportamento debeuse fundamentalmente ó Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN) –do que son parte México, Estados Unidos e Canadá–, que desprazou á UE de partes do mercado mexicano en beneficio dos Estados Unidos. Así, entre 1990 e 1997, as importacións mexicanas procedentes dos Estados Unidos pasaron do 66% ó 75%.

Neste contexto, tanto a UE como México estaban interesados en mudar tan pouco prometedora situación. Para a UE o acordo permitiríalle optar a recuperar a súa cota de mercado mexicano, así como facilitar o seu acceso a aqueloutros mercados de países cos que México ten subscritos acordos comerciais, especialmente á área do TLCAN. Pola súa banda, para México suporía poder acceder ó importante mercado único europeo e, ademais, servir de contrapeso á súa crecente dependencia dos Estados Unidos. Neste sentido, o re-

forzamento dos vínculos coa UE debe inxerirse na estratexia mexicana de diversificación das súas relacións económicas.

A grandes trazos pode dicirse que o acordo acadado consiste na liberalización progresiva dos intercambios industriais (que será completa para os dereitos arancelarios europeos no 2002 e para os dereitos mexicanos no 2007) e agrícolas (onde os produtos se liberalizarán por etapas: á entrada en vigor do acordo, no 2003, 2008 e 2010; ademais, determinados produtos sensibles –cereais, produtos lácteos e carne de vacún– quedaron excluídos do acordo). Incorpora tamén un réxime preferencial para os servizos e movementos de capitais (as negociacións para a liberalización retomaranse dentro de tres anos); a apertura recíproca dos contratos públicos (se ben no caso de México as preferencias outorgadas ás empresas nacionais manteranse en parte); un réxime en materia de investimentos, normas de competencia e propiedade intelectual, e, finalmente, o establecemento dun sistema de solución de litixios.

No que se refire ás normas de orixe, aspecto que obrigou a prolongar as negociacións por medo ás importacións de produtos procedentes de países terceiros (especialmente automóbiles e téxtiles), logrouse un acordo gracias ás respectivas concesións. Así, por exemplo, no caso do automóbil, consideraranse produtos mexicanos aqueles que incorporen compoñentes de orixe mexicana cando menos nun 50% do seu valor.

A rapidez coa que se concluíron as negociacións do ALC CE-México, que agora deberá ser asinado e ratificado polos Estados parte, foi posible por mor da complementariedade das economías europea e mexicana e, especialmente, porque México non é un grande exportador de produtos agrícolas, de forma que non afectará á Política Agrícola Común (PAC). De feito, soamente un 7% das exportacións mexicanas a Europa son produtos agrícolas, e ademais, o país azteca é un importador neto de produtos agrícolas e dos seus derivados. Neste sentido, vai ser esta a principal diferenza coas negociacións que se iniciaron xa co MERCOSUR, pois neste caso o sector agrícola representa unha parte moi importante das exportacións á UE.

En definitiva, pode dicirse que, de conformidade coa consideración de México como socio político e económico de peso para a CE (vid. COM [1999] 105 final), procedeuse a fortalecer os vínculos económicos comúns gracias ó ALC. Pero a liberalización comercial forma parte dun acordo máis amplo, o de 1997, que non ten unicamente unha dimensión económica, senón tamén unha dimensión política que, baseada en principios como a consolidación da democracia, o respecto dos dereitos humanos, a boa xestión governamental ou o diálogo político, será a que deba desenvolverse de agora en diante.

---

*Marcos Martín Pérez é bolseiro na Fundación Galicia-Europa.*

## Fa Lun Gong

*Xulio Ríos*

Un Tribunal Popular de Beijing condenou a catro dirixentes da secta Fa Lun Gong a varias penas de prisión. A sentenza ten unha dobre particularidade. Dunha banda, os catro procesados son membros do Partido Comunista e mesmo un deles, Ji Liewu, foi axudante de Deng Xiaoping. Doutra, o procesamento baseouse na acusación de revelación de segredos de Estado co evidente propósito de endurecer as penas. A sentenza, pois, revela a determinación das autoridades chinesas para reprimir severamente este movemento e sobre todo o seu empeño en recuperar o control ideolóxico no seo do Partido enviando unha clara mensaxe a todos os seus militantes. Na base social desta secta, cualificada de “herética” polas autoridades, destaca a forte presenza de cadros medios do Partido, do Exército e mesmo dos servizos de seguridade.

A preocupación dos dirixentes chineses en relación a Fa Lun Gong radica en dúas cuestións. Na China, practicamente ninguén lle discute ó Estado-Partido o seu protagonismo na construción da civilización material, pero podían abrigarse dúbidas a respecto da posibilidade de compartir esa primacía na configuración do que Deng chamaba a “civilización espiritual”.

Fa Lun Gong incide neste último aspecto, pluralizando a cohesión ideolóxica e social. Por outra banda, en tempos de cambio, cando medra o descontento e a crise agrava o desemprego e as desigualdades, a ausencia de utopías políticas que encarreiren as enerxías emancipadoras facilita que movementos pseudorelixiosos destas características cativen ós decepcionados. O fenómeno pillou por sorpresa ós dirixentes chineses. Todos agardaban que a “polución do espírito” viñese da man do aburguesamento occidental e sen embargo o perigo máis grave emerxeu dende dentro da propia sociedade chinesa. O movemento Fa Lun Gong lanzouse publicamente en 1992 e nuns poucos anos a súa organización chegou a todo o país agrupando, segundo algunhas fontes, a varios millóns de seguidores.

O “qi gong” é a base esencial deste movemento, unha técnica que forma parte da bagaxe cultural da China milenaria, se ben practicada ata agora por unha élite moi exclusiva. O “qi gong” estivo prohibido durante a época de Mao, pero na década dos oitenta, coincidindo coa extensión da reforma económica ó ámbito urbano, espallouse rapidamente e mesmo a propia prensa do Partido chegou a publicar numerosos manuais para facilitar a súa práctica. Sobre a base do “qi gong”, Li Hongzhi, o inspirador e líder da secta, ensina que cada un debe atopar o seu camiño practicando a verdade, a compaixón e a paciencia; e que cómpre perseverar no cultivo da propia enerxía

vital ata dar con ese punto de enlace coa enerxía do cosmos que permitirá adquirir un estado máis puro. Ese é o obxectivo principal. Fa Lun Gong (lei, camiño, método) é o instrumento para chegar á salvación individual nun mundo en franco declive e que se condena cada día que pasa. As súas crenzas afondan no budismo e no taoísmo, na busca do equilibrio, da harmonía e da perfección.

Pero á par deste discurso, que podíamos considerar naturalmente discutible pero globalmente aceptable, Li Hongzhi ten un lado escuro. Está comprobado que falsificou a súa data de nacemento para facela coincidir co día e mes en que naceu Sakyamuni, o Buda Iluminado, a fin de reforzar unha inequívoca vocación mesiánica. Asegura que os extraterrestres tomaron o control do planeta e que están detrás de determinados avances tecnolóxicos recentes como a clonación. Nunha entrevista publicada na revista Time o pasado mes de maio, cando lle preguntan se é un ser humano, limítase a afirmar que “vostede pode verme como un ser humano”. Zhuo Xin-ping, director do Centro de Estudos das Relixións da Academia de Ciencias, asegura que Fa Lun Gong é unha secta baseada no control espiritual dos seus seguidores, moi similar á da Verdade Suprema de Xapón, ou ós davidianos de Estados Unidos.

A represión do movemento remóntase a 1997, ó pouco de Li Hongzhi emigrar ós Estados Unidos por medo a ser detido; decisión cando menos pintoresca se temos en conta que asegura dispor de capacidade para facerse invisible. Podía todo quedar en case nada, pero cando dez mil seguidores se concentraron en Zhongnanhai, a carón da residencia de Jiang Zemin, disparáronse as alarmas. O Diario do Exército semella levar a voz cantante e clama insistentemente contra o perigo social que representan. Varios milleiros de membros do Partido están inmersos en procesos de reeducación.

Mentres conservadores e reformistas debaten no seo do Partido sobre a mellor táctica a seguir (represión ou educación), con claro predominio dos primeiros, algunhas fontes aseguran que Fa Lun Gong estase organizando clandestinamente, preparándose para “dar o golpe” no momento oportuno e apertarlle de novo as caravillas ó poder. Un movemento destas características non prende así coma así e alén das súas excentricidades, que as ten, os efectos negativos da reforma semellan caldo de cultivo dabondo para manter por un tempo un alto nivel de adhesión tanto pola ilusión de superar animicamente as adversidades do presente, como pola ausencia de mecanismos fiables de participación no sistema, alén dos rixidamente establecidos.

---

*Xulio Ríos é director do IGADI.*

# 1ª Conferencia Anual Plácido Castro

*Te*

O Igadi organizou esta 1ª Conferencia Anual “Plácido Castro”, iniciativa con vocación de servir de referencia da reflexión en Galicia sobre os temas internacionais de actualidade, conectando ademais coas ligazóns históricas, obxectivas e subxectivas, que relacionan a nosa terra co exterior.

Deste xeito, o Igadi non soamente reivindica a obra e o pensamento de Plácido Castro (1902-1967), senón que pretende contribuír ó incremento da sensibilización social arredor da necesidade de proxectar a Galicia no mundo con identidade propia, de afondar nos conflitos e tendencias da sociedade contemporánea.

Ninguén mellor que Fernando Pérez-Barreiro Nolla para inaugurar esta nova andaina e honrar a memoria de Plácido Castro.

Ante un público entregado que encheu a Aula de Cultura de Vilagarcía de Arousa, Fernando Pérez-Barreiro pronunciou unha lección maxistral sobre os paralelismos do problema irlandés en tempos de Plácido e os actuais, diseccionando con soltura os aspectos máis salientables do actual proceso, dende os protagonistas ata a nova arquitectura institucional que debe facer irreversible o proceso de paz.

Ata o lugar achegáronse numerosos representantes da vida política e cultural local e galega. Estiveron presentes, entre outros, Xosé Luis Franco Grande, Gonzalo Bouza Brey, o libreiro Xosé Castro Ratón e a concelleira Ramona Castaño.

Un extracto reproducése no presente número de Tempo Exterior. O texto íntegro da conferencia publicarase en breve, se ben pode consultarse xa a versión en liña na nosa web (<http://www.igadi.org/>).

O Concello de Vilagarcía apoiou en todo momento a proposta e contribuíu de maneira moi digna e eficaz á súa realización. Tanto o alcalde, Javier Gago, como o concelleiro de Cultura, Roberto Araújo, ou o técnico cultural, Xavier Camba, comprometéronse a fondo con esta actividade que terá continuidade en próximos exercicios. Para completar a conferencia, realizouse unha exposición das acuarelas de Plácido Castro, no mesmo Centro Cultural, que foi inaugurada o mesmo día. Os medios de comunicación fixéronse eco extensivamente deste programa.

O Igadi quere agradecerlles a todos a magnífica sensibilidade amosada que garante a continuidade de tan merecido e xustísimo tributo á figura de Plácido Ramón Castro del Ríu.